

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: C.E.I.P. PLURILINGÜE XULIO CAMBA  
CURSO: 1º A 6º EP  
MATERIA: Educación Física  
DATA: 11/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

# 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

2º de Ed. Primaria

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.1. Opinar tanto desde a perspectiva de participante como de espectador ou espectadora, ante as posibles situacións conflitivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións dos e das demais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB1.1.2. Explica aos seus compañeiros as características dun xogo practicado na clase.</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB1.1.3. Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable.</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB1.1.4. Recoñece as condutas inapropiadas que se producen na práctica deportiva.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a si mesmo/a e aos outros e outras nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB1.3.2. Demuestra certa autonomía resolvendo problemas motores.</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB1.3.4. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.1. Aceptar e respectar a propia realidade corporal e a dos e das demais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.2. Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento ás circunstancias e condicións de cada situación, sendo capaz de representar mentalmente o seu corpo na organización das accións motrices.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB2.2.1. Coñece e identifica as partes do corpo propias e do compañeiro/a.</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB2.2.2. Domina o equilibrio estático, sen axuda, variando o centro de gravidade en base de sustentación estable.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB3.1.1. Desprázase de distintas formas, variando os puntos de apoio, con coordinación e boa orientación espacial.</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB3.1.2. Salta de distintas formas, variando os puntos de apoio, amplitudes e frecuencias, con coordinación e boa orientación espacial.</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB3.1.3. Realiza as habilidades que impliquen manexo de obxectos con coordinación dos segmentos corporais, iniciando os xestos axeitados.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, comunicando sensacións e emocións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB4.1.1. Representa personaxes e situacións, mediante o corpo e o movemento con desinhibición e espontaneidade.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.1. Coñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB5.1.1. Cumpre as normas básicas do coidado do corpo en relación coa hixiene, con autonomía.</li> </ul>

<ul style="list-style-type: none"> <li>B6.2. Coñecer a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas, en especial as de Galicia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB6.2.1. Practica xogos libres e xogos organizados, recoñecendo as súas características e diferenzas.</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB6.2.2. Investiga e coñece xogos tradicionais de Galicia.</li> </ul>

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles		3º de Ed. Primaria
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	
<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.1. Opinar tanto desde a perspectiva de participante como de espectador ou espectadora, ante as posibles situacións conflitivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións dos e das demais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB1.1.2. Explica aos seus compañeiros e ás súas compañeiras as características dun xogo practicado na clase.</li> </ul>	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB1.1.3. Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable.</li> </ul>	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB1.1.4. Recoñece as condutas inapropiadas que se producen na práctica deportiva.</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e aos outros e outras nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB1.3.1. Demuestra certa autonomía resolvendo problemas motores.</li> </ul>	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB1.3.3. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.</li> </ul>	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB1.3.4. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.</li> </ul>	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB1.3.5. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.2. Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento ás circunstancias e condicións de cada situación, sendo capaz de representar mentalmente o seu corpo na organización das accións motrices.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB2.2.2. Mantense en equilibrio sobre distintas bases de sustentación en diferentes posturas e posicións, durante un tempo determinado.</li> </ul>	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB2.2.4. Colócase á esquerda-dereita de diferentes obxectos, persoas e espazos en movemento.</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB3.1.1. Realiza desprazamentos en diferentes tipos de contornos intentando non perder o equilibrio nin a continuidade, e intentando axustar a súa realización aos parámetros espazo-temporais.</li> </ul>	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB3.1.2. Realiza a habilidade motriz básica do salto en diferentes tipos de contornos intentando non perder o equilibrio e a continuidade, e intentando axustar a súa realización aos parámetros espazo-temporais.</li> </ul>	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB3.1.3. Realiza as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción) en diferentes tipos de contornos intentando aplicar os xestos</li> </ul>	

	axeitados e utilizando os segmentos dominantes.
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB3.1.4. Realiza as habilidades motrices de xiro en diferentes tipos de contornos intentando non perder o equilibrio e a continuidade, e intentando axustar a súa realización aos parámetros espazo-temporais.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, de forma estética e creativa, comunicando sensacións, emocións e ideas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB4.1.1. Representa personaxes, situacións, sentimentos, utilizando os recursos expresivos do corpo, individualmente, en parellas ou en grupos.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo ou mesma.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB5.1.5. Realiza os quecementos de forma autónoma.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.1. Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos e actividades</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB6.1.2. Utiliza as habilidades motrices básicas en distintos xogos e actividades físicas.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.2. Coñecer a diversidade de actividades físicas, lúdicas e deportivas, en especial as de Galicia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB6.2.1. Recoñece as diferenzas e características básicas dos xogos populares, deportes colectivos, deportes individuais e actividades na natureza.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.3 Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades físico-deportivas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB6.3.2. Distingue en xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición.</li> </ul>

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

4º de Ed. Primaria

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 4 DE 13 CENTRO: C.E.I.P PLURILINGÜE XULIO CAMBA CURSO: 1º A 6º EP MATERIA: EDUCACIÓN FÍSICA

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Opinar, tanto desde a perspectiva de participante como de espectador ou espectadora, ante as posibles situacións conflitivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións dos e das demais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.1.2. Explica aos seus compañeiros e compañeiras as características dun xogo practicado na clase.</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.1.3. Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable.</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.1.4. Recoñece as condutas inapropiadas que se producen na práctica deportiva.</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.1.5. Demostra un nivel de autoconfianza axeitada ás súas capacidades.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e ás outras persoas nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.3.2. Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores.</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.3.4. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento ás circunstancias e condicións de cada situación, sendo capaz de representar mentalmente o seu corpo na organización das accións motrices.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB2.2.2. Mantense en equilibrio sobre distintas bases de sustentación a alturas variables.</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB2.2.4. Colócase á esquerda-dereita de diferentes obxectos, persoas e espazos en movemento, con e sen manipulación de distintos móbiles.</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB2.2.5. Mellora a súa eficacia nas repostas motrices ante combinacións de estímulos visuais, auditivos e táctiles no tempo e no espazo.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB3.1.1. Realiza desprazamentos en diferentes tipos de contornos e en actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, intentando non perder o equilibrio nin a continuidade, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais.</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB3.1.2. Realiza a habilidade motriz básica do salto en diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas sen perder o equilibrio e a continuidade, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais.</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB3.1.3. Realiza as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción) a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas aplicando os xestos e utilizando os segmentos dominantes.</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB3.1.4. Realiza as habilidades motrices de xiro en diferentes tipos de contornos sen perder o equilibrio e a continuidade, tendo en conta dous eixes corporais e os dous</li> </ul>

	sentidos, e axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais.
<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, de forma estética e creativa, comunicando sensacións, emocións e ideas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB4.1.1. Representa personaxes, situacións, ideas e sentimentos, utilizando os recursos expresivos do corpo, individualmente, en parellas ou en grupos.</li> <li>EFB4.1.2. Realiza movementos a partir de estímulo rítmicos ou musicais, individualmente, en parellas ou grupos.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo ou mesma.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB5.1.3. Coñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde.</li> <li>EFB5.1.5. Realiza os quecementos de forma autónoma.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.3. Identificar e interiorizar a importancia da prevención, a recuperación e as medidas de seguridade na realización da práctica da actividade física.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB5.3.1. Ten en conta a seguridade na práctica da actividade física, sendo capaz de realizar o quecemento con certa autonomía.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B6.1. Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos e actividades</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB6.1.2. Utiliza as habilidades motrices básicas en distintos xogos e actividades físicas.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B6.2. Coñecer, a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas, en especial as de Galicia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB6.2.1. Recoñece as diferenzas, características básicas entre xogos populares, deportes colectivos, deportes individuais e actividades na natureza.</li> </ul>

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles		5º de Ed. primaria
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	
<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.1. Opinar coherentemente con actitude crítica, tanto desde a perspectiva de participante como de espectador ou espectadora, ante as posibles situacións conflitivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións dos e das demais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB1.1.2. Explica aos seus compañeiros e compañeiras as características dun xogo practicado na clase e o seu desenvolvemento.</li> </ul>	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB1.1.3. Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable.</li> </ul>	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB1.1.4. Recoñece e cualifica negativamente as condutas inapropiadas que se producen na práctica ou nos espectáculos deportivos.</li> </ul>	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB1.1.5. Demostra un nivel de autoconfianza axeitada ás súas capacidades.</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e as demais persoas nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB1.3.2. Demostra autonomía e confianza en diferentes situacións, resolvendo problemas motores con espontaneidade e creatividade.</li> </ul>	

normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.	▪ EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.
	▪ EFB1.3.4. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.
	▪ EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.
▪ B2.1. Valorar, aceptar e respectar a propia realidade corporal e a dos e das demais, mostrando unha actitude reflexiva e crítica.	▪ EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.
▪ B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.	▪ EFB3.1.1. Realiza desprazamentos adaptándose a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas axustándose a parámetros espazo-temporais e intentando manter o equilibrio postural.
	▪ EFB3.1.2. Realiza a habilidade motriz básica de salto adaptándose a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e intentando manter o equilibrio postural.
	▪ EFB3.1.3. Adapta as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción, golpeo etc.) a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas interiorizando e aplicando os xestos cos segmentos dominantes e iniciando a práctica cos non dominantes.
	▪ EFB3.1.4. Aplica as habilidades motrices de xiro a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas tendo en conta os dous eixes corporais e os dous sentidos, e axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e intentando manter o equilibrio postural.
	▪ EFB3.1.5. Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies.
▪ B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, de forma estética e creativa, comunicando sensacións, emocións e ideas.	▪ EFB4.1.1. Representa personaxes, situacións, ideas, sentimentos utilizando os recursos expresivos do corpo individualmente, en parellas ou en grupos.
▪ B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo.	▪ EFB5.1.4. Adopta hábitos posturais axeitados na súa vida cotiá e na práctica da actividade física, recoñecendo a súa importancia para saúde.
	▪ EFB5.1.5. Realiza os quecementos de forma autónoma e sistemática.
▪ B6.1. Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e	▪ EFB6.1.1. Utiliza os recursos adecuados para resolver situacións básicas de táctica individual e colectiva en diferentes situacións motrices.
	▪ EFB6.1.2. Realiza combinacións de habilidades motrices básicas axustándose a un



desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos e actividades	obxectivo e a uns parámetros espazo-temporais.
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.2. Coñecer e poñer en práctica a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas, en especial as de Galicia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB6.2.1. Recoñece as diferenzas, características entre xogos populares, deportes colectivos, deportes individuais e actividades na natureza.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.3. Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades físico-deportivas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB6.3.3. Distingue en xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición.</li> </ul>

<b>1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles</b>		<b>6º de Ed. primaria</b>
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Opinar coherentemente con actitude crítica tanto desde a perspectiva de participante como de espectador ou espectadora, ante as posibles situacións conflictivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións das demais persoas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.1.2. Explica aos seus compañeiros e compañeiras as características dun xogo practicado na clase e o seu desenvolvemento.</li> </ul>	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.1.3. Recoñece e cualifica negativamente as condutas inapropiadas que se producen na práctica ou nos espectáculos deportivos.</li> </ul>	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.1.4. Demostra un nivel de autoconfianza axeitada ás súas capacidades.</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e ás demais persoas nas actividades físicas, en distintos contornos incluíndo a natural e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.</li> </ul>	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.3.2. Demostra autonomía e confianza en diferentes situacións, resolvendo problemas motores con espontaneidade e creatividade.</li> </ul>	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.</li> </ul>	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.3.4. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.</li> </ul>	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Valorar, aceptar e respectar a propia realidade corporal e a das demais persoas, mostrando unha actitude reflexiva e crítica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB3.1.1. Adapta os desprazamentos a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural.</li> </ul>	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB3.1.2. Adapta a habilidade motriz básica de salto a diferentes tipos de contornos e de</li> </ul>	

	<p>actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB3.1.3. Adapta as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción, golpeo etc.) a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, aplicando correctamente os xestos e utilizando os segmentos dominantes e non dominantes.</li> <li>▪ EFB3.1.4 Aplica as habilidades motrices de xiro a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, tendo en conta os tres eixes corporais e os dous sentidos, e axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural.</li> <li>▪ EFB3.1.5. Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, de forma estética e creativa, comunicando sensacións, emocións e ideas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB4.1.1. Representa personaxes, situacións, ideas, sentimentos, utilizando os recursos expresivos do corpo individualmente, en parellas ou en grupos.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB5.1.4. Adopta e promove hábitos posturais axeitados na súa vida cotiá e na práctica da actividade física, recoñecendo a súa importancia para saúde.</li> <li>▪ EFB5.1.5. Realiza os quecementos de forma autónoma e sistemática, valorando a súa función preventiva.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.1. Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos e actividades</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB6.1.1. Utiliza os recursos adecuados para resolver situacións básicas de táctica individual e colectiva en diferentes situacións motrices.</li> <li>▪ EFB6.1.2. Realiza combinacións de habilidades motrices básicas axustándose a un obxectivo e a uns parámetros espazo-temporais.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.2. Coñecer, valorar e poñer en práctica a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas, en especial as de Galicia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB6.2.1. Expón as diferenzas, características e/ou relacións entre xogos populares, deportes colectivos, deportes individuais e actividades natureza.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.3. Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades físico-deportivas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB6.3.3. Distingue na práctica de xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición.</li> </ul>

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

1º de Ed. primaria

Criterio de avaliación

Estándar de aprendizaxe

B1.1. Recoñecer desde a perspectiva de participante as posibles situacións conflitivas xurdidas nos xogos aceptando as opinión dos e das demais.	1.1.1. Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable.
	1.1.2. Recoñece as condutas inapropiadas que se producen nos xogos.
B1.3. Demostra un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e ós outros e outras nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas.	1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas.
	1.3.2. Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores.
	1.3.4. Participa na recollida e organización do material empregado nas clases.
	1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda.
B2.1. Aceptar e respectar a propia realidade corporal e a dos e das demais.	2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais entre os nenos e as nenas da clase.
B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar.	5.1.1. Intenta cumprir as normas básicas do coidado do corpo en relación coa hixiene, con autonomía.
B6.1. Recoñecer tácticas elementais dos xogos aplicando as regras en situación de cooperación e de oposición.	6.1.1. Inicio no uso de tácticas elementais dos xogos.
	6.2.1. Practica xogos libres e xogos organizados.

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p><i>Procedementos:</i></p> <p>Revisión das cualificacións do primeiro e segundo trimestre, valoración en positivo das actividades de reforzo/repaso.</p>
	<p><i>Instrumentos:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Traballo investigación: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Entrega dos traballos (en calquera formato, foto, ordenador, papel, vídeo...)</li> <li>- Que se axusten as pautas indicadas.</li> <li>- Contido do traballo.</li> <li>- Explicación dos xogos ou deportes.</li> <li>- Presentación.</li> </ul> </li> <li>• Observación dos exercicios prácticos: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Realización dos exercicios.</li> <li>- Entrega de vídeos, fotos ou comentarios sobre os mesmos.</li> <li>- Que se axusten as instrucións.</li> </ul> </li> <li>• Xogos: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Realización dalgúns xogos para repasar diferentes contidos do curso.</li> </ul> </li> </ul>
<b>Cualificación final</b>	<p>Procedemento para obter a cualificación final de curso de <b>2º a 6º EP:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- 1ª avaliación: computará un 40% do total da cualificación final do curso.</li> <li>- 2ª avaliación: computará un 40% do total da cualificación final do curso.</li> <li>- 3ª avaliación: valoración da realización das actividades de repaso/reforzo durante o período non presencial cun 20% do total da cualificación final do curso.</li> </ul> <p>Valorarase que sexan entregadas <b>actividades propostas de TODAS as semanas</b> (salvo causas de forza maior), e que haxa un esforzo por parte de cada alumno/a no desempeño das tarefas, acorde coas súas capacidades e coa situación que se está a vivir.</p>
	<p>Procedemento para obter a cualificación final de curso de <b>1º EP:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- 1ª avaliación: computará un 45% do total da cualificación final do curso.</li> <li>- 2ª avaliación: computará un 45% do total da cualificación final do curso.</li> <li>- 3ª avaliación: valoración da realización das actividades de repaso/reforzo durante o período non presencial cun 10% do total da cualificación final do curso.</li> </ul> <p>Valorarase que sexan entregadas <b>actividades propostas de TODAS as semanas</b> (salvo causas de forza maior), e que haxa un esforzo por parte de cada alumno/a no desempeño das tarefas, acorde coas súas capacidades e coa situación que se está a vivir.</p>

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<p><b>Actividades</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Traballos de investigación sobre xogos ou deportes. (Historia, onde é máis practicado, normas, como se xoga...)</li> <li>- Diferentes retos prácticos para o traballo das capacidades físicas básicas, coordinación, equilibrio...</li> <li>- Xogos que permiten o repaso dos contidos traballados durante os trimestre.</li> </ul> <p>A organización das tarefas será acorde co número de sesións semanais da materia, evitando a saturación, enviándoas semanalmente. As familias poden realizalas ó longo da semana cando a súas necesidades e situación persoal llo permitan.</p>
<p><b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b></p>	<p><b><u>Con conectividade:</u></b></p> <p><b>Traballo investigación:</b> PDF coa información e período de entrega (aula virtual, agueiro, correo electrónico) os alumnos/as envían por correo electrónico para a súa revisión.</p> <p><b>Retos e xogos:</b> Todas as semanas pónense diferentes xogos e retos nunha páxina de Agueiro, os alumnos envían vídeos, fotos e comentarios dos mesmos por correo electrónico.</p> <p><b><u>Sen conectividade:</u></b></p> <p>O colexio facilita fichas impresas para que o material chegue a todos os alumnos cada semana. Os alumnos/as que non poidan entregar o traballo de ningunha maneira por un medio a distancia teñen a posibilidade de entregalo no colexio.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Alumnado de 1º EP:</b></li> </ul> <p>O alumnado dispón de toda a semana para a realización das actividades e ó rematar, dado o carácter práctico da materia, debe remitir ó mestre fotografías ou un pequeno vídeo do alumno/a da súa execución. Para iso, teñen á súa disposición un correo electrónico propio da mestra de Educación Física, así como tamén, o servizo de Whatssap coas titoras. Para aclarar dúbidas ou solicitar calquera información, tamén dispoñen da mensaxería do servizo Abalar. A finalidade é que exista un feedback entre alumno-profesorado e poder facer un seguimento da evolución de todo o alumnado.</p> <p>Os contidos a traballar durante este trimestre, vistos xa con anterioridade, terán relación con: o corpo e os sentidos, a lateralidade, o esquema corporal, o equilibrio, a coordinación, os saltos, os xiros, os desprazamentos, a</p>

	manipulación de obxectos e o traballo con material alternativo ou de refugallo.
<b>Materiais e recursos</b>	<p><b>Comunicación:</b> Utilízase abalar móbil e correo electrónico para comunicarse cos alumnos/as facerlles chegar a información e para que entreguen as súas tarefas.</p> <p><b>Recursos:</b> <i>Agueiro:</i> Tres páxinas en agueiro: unha onde aparecen os traballos de investigación, outra onde se van poñendo todas as semanas algún xogo e unha última onde se van poñendo todas as semanas diferentes retos. <i>Páxina web:</i> Na páxina web poden atopar os enlaces a estas tres páxinas de Agueiro. <i>Aula virtual:</i> Súbese a tarefa en PDF (traballo investigación) e tamén poden atopar os enlaces a agueiro. <i>Edixgal:</i> Tamén teñen acceso os enlaces de Agueiro. <i>Correo electrónico:</i> Os titores envía o traballo semanal.</p>

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Abalarmóbil. Correo electrónico. Teléfono. Web e aula virtual. Páxina de Agueiro. E-dixgal.
<b>Publicidade</b>	Publicación na páxina web do centro.